



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

DECRETO.- Instruído o procedemento para a contratación mediante procedemento negociado da obra denominada PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE CARNOTE LA A CARNOTA (POS 2016), conforme ás cláusulas do prego-tipo aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña e as disposicións normativas de carácter xeral en materia de contratación administrativa.

Visto que tras o requerimento efectuado polo concello, dentro do prazo establecido a tal efecto, o licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa aportou a documentación xustificativa a que fai referencia o citado prego de cláusulas administrativas, así como a constitución da garantía definitiva e, ademais, que dispón dos medios que se comprometése a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS ANDUJAR S.L. con CIF B15866965 o contrato de obras de PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE CARNOTE LA A CARNOTA, por procedemento negociado aprobado por resolución do Alcalde e publicado conforme ao previsto no prego de cláusulas administrativas.

SEGUNDO. Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 1533-629-05 do orzamento vixente de gastos.

TERCEIRO. Notificar, nos termos previstos no artigo 151.4 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO. Notificar a CONSTRUCCIONES Y OBRAS ANDUJAR S.L., adxudicatario do contrato, a presente resolución e citaio para a sinatura do contrato, que terá lugar antes de transcurridos quince días a contar desde o seguinte en que reciba a notificación da presente resolución, na Casa do concello de Carnota.

QUINTO. Publicar a formalización do contrato de obras de no perfil do contratante.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

SEXO. Unha vez formalizado o contrato, de conformidade co disposto no artigo 7.2 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, o contratista deberá presentar o Plan de seguridade e saúde da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde do proxecto, para a súa aprobación polo concello, despois do informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa comunicación á autoridade laboral. Despois de realizar este trámite, procederase á acta de implantación e inicio da obra.

SÉTIMO. Nomear Director Facultativo a D. José Carlos Leis Caruncho, arquitecto dos servizos técnicos municipais.

OCTAVO. Nomear coordinador de seguridade e saúde das obras ao arquitecto Colexiado n.º 3817 D. José Lorenzo Crespo Rama, con DNI n.º44826121H.

Carnota, 28 de agosto de 2016.

O alcalde



Asdo.: Ramón Noceda Caamaño

Dou fe. O Secretario,



Asdo.: Celestino Amigo Linares